

BASES PARA A CREACIÓN URGENTE DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ANIMADOR SOCIOCULTURAL PARA O OA TERRA DE SANXENXO.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto da convocatoria é a creación dunha lista de Animadores/as socioculturales Grupo 4 (C2 funcionario), nivel CD equivalente a 16. A retribución mensual será aquela contemplada no orzamento municipal para un/ha traballado/ra de similar categoría e xornada.

O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a cobertura, con carácter temporal, segundo as necesidades que deriven do funcionamento dos servizos de Animación sociocultural/ludotecas, dependentes da concellería de educación , cultura e xuventude, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Cubrir interinamente postos de traballo vacantes en tanto non se desenvolve o correspondente proceso selectivo.
- Necesidades do servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo, co fin de garantir o seu adecuado funcionamento.
- Incapacidade temporal para cubrir baixas por enfermidade.
- Permiso por maternidade ou paternidade.
- Uso do período de vacacións ou permiso por asuntos propios.
- Licenza por asuntos propios.

As modalidades de vinculación que se aplicarán á citada bolsa de emprego serán as seguintes:

— Para a cobertura dos postos reservados a persoal laboral, as modalidades contractuais previstas no Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

En consecuencia, co fin de establecer un procedemento baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade, que asegure unha adecuada celeridade na selección, nomeamento e contratación do persoal en casos de urxencia e necesidade.

En todo caso, esta/s contratación/s estará/n supeditadas á/s limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado e á existencia de consignación económica no orzamento municipal.

O tribunal propondrá a vista dos resultados da oposición unha Bolsa de Traballo Temporal de animador sociocultural a cal será utilizada segundo necesidades do servizo, bolsa de contratación vixente ata 31/12/2020.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público respecto do acceso ó emprego público de persoas doutra nacionalidade
- b) Ter 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica que o capacite para o desempeño do posto ofertado.
- d) Certificado médico oficial ou informe de saúde (ámbolos documentos ORIXINAIS) acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- g) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 74 2080 5061 47 3040010797 a cantidade de 7,73 € fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.
- h) Carné de conducir e vehículo propio.
- i) Certificado de delitos de natureza sexual <https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/es/tramites/certificado-registro-central>.

TERRA DE SANXENXO

2. Tódolos requisitos esixidos no punto anterior, deberán reuni-los os aspirantes o día que remate o prazo para presenta-las solicitudes.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria dirixiranse o Sr. Presidente do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9:00 á 14:00 horas, durante o prazo de 5 días hábiles dende a publicación no Diario de Pontevedra o día 28 de xuño de 2018, finalizando o prazo (inclusive) o 4 de xullo de 2018.

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. e do número da seguridade social (tarxeta sanitaria).
- Currículo.
- Certificado médico orixinal ou informe de saúde orixinal que indique a capacidade para o desempeño do posto.
- Certificación, curso ou titulación que o/a habilite para o desempeño do posto de traballo.
- Fotocopias que acrediten os títulos que alegue no currículo.
- Documento de abono dos dereitos de exame ou copia da demanda de emprego en vigor.
- Carné de conducir.
- Certificado de delitos de natureza sexual.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as desta.

Debido a urxencia da convocatoria, os aspirantes que presenten a documentación en distinto rexistro ao do Concello ou por correo postal deberán adiantar por fax ou correo electrónico copia xustificativa da documentación presentada en prazo. Fax: 986721022 / correo electrónico: personal@sanxenxo.es

CUARTA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES

A relación dos aspirantes admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Sanxenxo e páxina web www.sanxenxo.es ó día seguinte (hábil) a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias.

QUINTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPITANTES

Establécese o de oposición: Consistirá na realización dunha proba relacionada co traballo a desempeñar, a cal constará de:

- 1º Exercicio práctico/teórico e eliminatório*: Na que o/a aspirante deberá demostrar os coñecementos relacionados ca súa formación académica aplicada o traballo contestando varias preguntas relacionadas tanto co traballo habitual como do temario (Anexo I). (Valorarase de 0 a 6 puntos).
- 2º Oral: O tribunal cualificador fará unha proba oral curricular a todos os aspirantes que superasen o primeiro exercicio, o tribunal poderá preguntar sobre aspectos das materias do currículo así como cuestións relativas as funcións a desempeñar no traballo diario e a súa actualización de coñecementos. (Valorarase de 0 a 4 puntos).
- A oposición puntuarase de 0 a 10 puntos.
- De entre todos os aspirantes seleccionarase a aquel que sume a maior nota.
- eliminatório*: O tribunal establecerá a nota de pase a segunda proba, non podendo ser esta inferior a 3 puntos.

SEXTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

1º Exercicio: luns 09/07/2018 no Salón de Plenos Municipal ás 09.30 horas.

2º Exercicio: martes 10/07/2018 no Salón de Plenos Municipal ás 09.30 horas.

Si existise calquera variación na data, lugar ou hora esta comunicarase a través da páxina web e dos taboleiros municipais.

SETIMA. APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO E CHAMAMENTO.

1. A proposta do tribunal cualificador, a presidencia ditará resolución aprobando a creación da bolsa de emprego por orde de maior a menor puntuación. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sanxenxo para o coñecemento das persoas interesadas e demais efectos legais.
2. O nomeamento interino ou a contratación de persoal segundo proceda segundo as necesidades do servizo efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.
3. No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo a un sorteo público entre as persoas aspirantes empatadas, que serán convocadas para o efecto.
4. Chamarase ás persoas aspirantes activas pola orde que figura na bolsa de emprego.

OITAVA. VIXENCIA DA BOLSA

1. A bolsa de emprego estará vixente ata o 31 de decembro de 2020.
2. A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Finalice o prazo de duración
 - b) Se constitúa unha nova bolsa coas persoas aspirantes que deriven dun novo proceso selectivo convocado para cubrir prazas de igual categoría e grupo de clasificación.

NOVENA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA

1. Cando se deba proceder a unha contratación temporal ofertáraselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista dispoñible, polos medios de contacto que a persoa candidata consigne na súa instancia, teléfono móbil, fixo ou correo electrónico, tendo en conta o establecido nas presentes bases:

— Se se obtén comunicación directa coa persoa candidata, esta deberá responder, nun prazo máximo de 24 horas, se acepta ou renuncia ao posto ofertado.

— Se recibe a comunicación por correo electrónico deberá poñerse en contacto co Servizo de Persoal do Concello de Sanxenxo no prazo máximo de 24 horas contadas desde a súa recepción.

— Se non se recibe contestación a persoa candidata pasará ao último lugar da lista durante un ano.

Antes de levar a cabo a súa contratación a persoa aspirante deberá achegar a documentación que se lle requira para a formalización do seu contrato, debendo conservar os requisitos establecidos na convocatoria (Base 2ª). As persoas integrantes da bolsa deberán comunicarlle ao Servizo de Persoal do Concello de Sanxenxo calquera variación no seu enderezo postal, enderezo electrónico ou teléfono, con respecto aos sinalados na solicitude de participación, e mantelos permanentemente actualizados durante a vixencia da bolsa.

2. Nesta bolsa terase en conta a duración máxima prevista para cada modalidade contractual ou nomeamento e os límites establecidos legalmente para evitar o encadeamento de contratos laborais temporais. Deste xeito, co fin de que se respecten os principios de acceso ao emprego público, as persoas candidatas que figuren na correspondente lista deberán cumprir, no momento no que se lles oferte un posto de traballo, o requisito de que non estivesen contratadas no OA Terra de Sanxenxo durante un prazo superior a 24 meses nun período de 30 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais ou, se co novo contrato se supera esta duración, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, agás nos supostos de contratacións laborais temporais de interinidade ou nomeamentos interinos.

Este requisito esténdese ás candidaturas que, cunha nova contratación laboral, superen o prazo de 24 meses nun período de 30 meses, agás nos referidos supostos de interinidade.

3. Cando unha persoa figure en máis dunha bolsa de contratación, é dicir, en máis dun posto, non poderá acumular dous contratos laborais por circunstancias da produción no período máximo establecido para esta modalidade contractual aínda que se trate de distintos postos.

DÉCIMA. NOMEAMENTO

O nomeamento do persoal que, conforme ao procedemento sinalado nestas normas, sexa designado para desempeñar un posto de traballo como persoal con contrato laboral de carácter temporal realizarase mediante unha resolución presidencial e formalizarase no correspondente contrato.

UNDÉCIMA. CESAMENTO

As persoas aspirantes contratadas en réxime laboral cesarán ao finalizar o contrato.

DUODÉCIMA. RENUNCIA Á OFERTA DE TRABALLO

As persoas integrantes da bolsa de emprego que, ao seren convocadas para facer efectiva a súa contratación, non se presenten ou renuncien sen xustificación, pasarán o final da bolsa.

TRECEAVA. XESTIÓN DAS BOLSAS DE EMPREGO

1. A xestión das bolsas de emprego correspóndelle ao Servizo de Persoal do Concello de Sanxenxo en coordinación ca concellería de educación, cultura e deporte.
2. As contratacións que se teñan que realizar con persoal procedente da bolsa de emprego responderán a algún dos motivos de contratacións laborais temporais previstas na lexislación vixente e respectarán as limitacións e os requisitos esixidos para cada modalidade.

CATORCEAVA. CONTROL DO ESTADO DAS LISTAS

O estado das listas poderase consultar na páxina web www.sanxenxo.es.

QUINCEAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal, que en ningún caso poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas, para que se considere validamente constituído, este deberá estar formado por o menos por tres das cinco persoas que o compoñen, sexan titulares ou suplentes.

PRESIDENTE: Luís Angel Sabaríz Rolan.

SECRETARIO: Teresa Reyes Martínez.

VOCAIS: Teresa Amado Moldes.
Aquilino A. González Pérez.
Teresa Lorenzo Corcoba.

SUPLENTES: María Carmen Quiñones Bea.
M^a Victoria Vázquez Fernández.
Casimiro Garrido Vizoso.

ASESORES: Carlos Granjel Dios.
Silvia Méndez García.
M^a Carmen García González.

Tódalas actuacións do Tribunal, publicaranse nos taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo e na páxina web municipal.

DEZASEISAVA: INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 27 de xuño de 2018.

O presidente,

Asdo.: Telmo Martín González.

ANEXO I

1. Planificación e Programación do Animador Sociocultural nos Centros Municipais.
2. O Animador Sociocultural na intervención social comunitaria e na intervención individual/familiar. Obxectivos. Funciones. Metodoloxía
3. Modelos metodolóxicos da Animación Sociocultural.
4. Equipamentos Municipais para a Animación Sociocultural. Deseño de espazos para o desenvolvemento da Animación Sociocultural. Participación do Animador Sociocultural.
5. A Participación Cidadá. Concepto e ámbitos. Cómo potenciar a participación cidadá dende a Animación Sociocultural.
6. Técnicas e instrumentos para a Xestión Sociocultural.
7. Recursos aplicables a Animación Sociocultural.
8. Inadaptación Social. Accións preventivas e respostas educativas dende a Animación Sociocultural.
9. Adestramento en habilidades sociais. Definición. Aplicacións.
10. As necesidades sociais. Definición, análises e avaliación. Estratexias de intervención.
11. Ocio e tempo libre. Infancia e espazos abertos. O xogo como instrumento sociabilizador.
12. Programas e ofertas municipais, web e servizos municipais.
13. Coñecemento do municipio.
14. Ferramentas informáticas word, excel.
15. Coñecemento de redes sociais e internet, as redes sociais municipais.